



NOTICIAS

CULTURA

Lugo, 26 de novembro de 2010

Antón Bao asistiu á presentación do libro "Gran Lugo de Nebra", da editora Alvarellos

A obra contén un total de 51 textos de Uxío Novoneyra, dos cales 12 son inéditos: 4 poemas e 8 escritos en prosa



O vicepresidente da Deputación, o nacionalista Antón Bao Abelleira, asistiu esta tardiña, na galería Sargadelos, á presentación do novo libro da editora Alvarellos, titulado "Gran Lugo de Nebra". Ao acto tamén asistiron a viúva do poeta, Elba Rei, o alcalde de Lugo, X. Clemente López O., a profesora María Pilar García Negro, o pintor Xesús Blas Lourés e o editor Henrique Alvarellos Casas. A obra contén 51 textos do autor, dos cales un total de 12 son inéditos, 4 poemas e 8 escritos en prosa. O volume reúne a obra dispersa, esquecida ou non publicada do autor sobre a cidade de Lugo, obra á que o propio Uxío Novoneyra se referiu en varias ocasións dende inicios dos anos 80, pero que non chegou a ver publicada.

Antón Bao manifestou a súa "satisfacción pola publicación deste libro, tanto pola súa significación para a cidade de Lugo e os lucenses, como polo recoñecemento que supón cara este gran poeta e a difusión da súa obra". A Área de Cultura da Deputación homenaxeara a Uxío Novoneyra coa iniciativa "Canto de Permanencia", en colaboración coa Fundación Manuel María de Estudos Galegos e a AS-PG, co gallo do día das Letras que este ano se dedicou ao poeta.

A profesora da Universidade da Coruña, María Pilar García Negro, levou a cabo un fondo estudo introdutorio sobre a obra de Novoneyra e a súa conexión coa cidade, e o pintor Xesús Blas Lourés ilustra, pola súa banda, algunhas das páxinas da obra de Alvarellos. "Gran Lugo de Nebra" reúne, en total, 38 poemas e 13 textos en prosa, que abarcan cinco décadas de vida e devoción pola cidade amurallada, dende 1955 ata 1999, ano do falecemento do escritor.

